

Os portavoces municipais do Partido Socialista e Bloque Nacionalista Galego, con representación na Corporación Municipal de Vigo, aproban a seguinte

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:

Desde o pasado día 4 de xuño a cidade de Vigo está sufrindo unha folga na central de Correos da Praza de Compostela, que comezou con paros parciais, pero que se veu recrudecendo ata chegar á situación actual de paro total e indefinido do servizo público postal.

O conflito laboral que os traballadores da devandita sede manteñen coa dirección de Correos, non ten visos de resolverse máis dun mes logo do seu inicio, ao romper as negociacións co comité de folga.

A central da Praza de Compostela atende catro dos distritos máis poboados e con maior actividade económica da cidade e, polo tanto este conflito, está tendo unha incidencia moi preocupante na actividade empresarial e financeira de Vigo e a súa área de influencia, causando prexuízos irreparables a diferentes sectores produtivos, así como un gravísimo dano á imaxe das empresas, con especial intensidade nas exportacións. Os paros están afectando profunda e negativamente ás transaccións comerciais habituais da cidade.

O pasado día 18 de xuño, o Alcalde de Vigo remitiu unha carta ao Presidente da Sociedade Estatal de Correos e Telégrafos, facendo un chamamento ao diálogo e á resolución do conflito de forma inmediata.

A actitude do Goberno Central, de non tomar iniciativas para desbloquear o conflito, enmárcase dentro da política de recortes dos servizos públicos e privatización dos mesmos, sendo o responsable último do servizo esencial do correo.

Á vista de que a situación, lonxe de solucionarse, empeorou notablemente nos últimos días, acumulándose xa, segundo fontes do comité máis de 1.000.000 de envíos na sede do servizo postal, os grupos municipais do Concello de Vigo queren facer un chamamento urxente ao diálogo e a negociación entre a dirección xeral de Correos e os representantes dos traballadores, co obxecto de pór fin de forma inmediata a este conflito que afecta a un servizo público fundamental, que debe satisfacer as necesidades colectivas de interese xeral.

Vigo, 9 de xullo de 2012.